

BUSEANDO
POR GALICIA

CATÁLOGO AXENCIAS 2026

Estimado/a Axente:

Somos a AAVV BUSEANDOPORGALICIA (XG-CO-000644), unha axencia Maiorista-Minorista con moitos anos de experiencia organizando grupos para Asociacións, Institutos e outras Axencias.

A nosa experiencia, o noso agarimo e a nosa paixón polas viaxes, así como a nosa capacidade de traballo e responsabilidade, anímannos a preparar as súas viaxes.

Gustaríanos que nos tivera en conta desde agora e nos solicitara os seus grupos.

¡¡¡Déixate viaxar!!!





1. FINDES SAUDABLES

2. GALICIA

3. PORTUGAL

4. FINDES ÚNICOS

5. ESPECIAIS SEMANA SANTA

6. CIRCUITOS

FINDES SAUDABLES

OUTRA FORMA DE GOZALOS

EMOCIÓNATE

MÓVETE

DESCUBRE

A RUTA DO CARES



NOSO PLAN

Propoñémosche unha fin de semana do máis orixinal e espectacular: a Ruta do Cares. E farala nun dos sentidos, Poncebos – Caín de Valdeón, con só 12 km e un percorrido doado para todos. Non te preocupes, temos a solución para facer este tramo, recollerte e levarte a un restaurante espectacular nun contorno único. O sábado propoñémosche visitar Arenas de Cabrales e o seu Museo do Queixo, así como a cidade de Cangas de Onís. Pero, como estamos en Asturias, o sábado podes decidirte por outras visitas e lugares: opcións hai de sobra.

INCLÚE

Hotel 3 en Cangas de Onís, en PC, comida extra ao final da Ruta nun restaurante, traslados ao final da Ruta, guía acompañante profesional, guía local para a Ruta, entradas ao Museo do Queixo, seguro de asistencia en viaxe. Bus opcional segundo a orixe.

CANDO

- Nosas datas por 113€:

23-24/05/26 27-28/06/26 5-6/09/26 19-20/09/26 17-18/10/26

- Outras datas consultar



DESFILADEIRO DA YECLA



NOSO PLAN

Un desfiladeiro curioso e único nun contorno natural impresionante. Unha marabilla de paseo que poderás facer desde a vila de Santo Domingo de Silos, con uns 10 ou 12 km, ou só polo Desfiladeiro, con 1 km. E todo isto completado cunha estancia na fantástica vila de Santo Domingo de Silos, pasando a tarde do sábado percorréndoa e aloxándose diante do mesmísimo Mosteiro. Proposta única, natural e cultural, unha finde sosegada.

INCLÚE

Hotel 3 en Santo Domingo de Silos, en PC, comida extra de camiño nun restaurante, guía acompañante profesional, guía local para a Ruta, entradas ao Mosteiro de Santo Domingo de Silos, seguro de asistencia en viaxe. Bus opcional segundo a orixe.

CANDO

- Nosas datas por 129€:

11-12/04/26 9-10/05/26 16-17/05/26 13-14/06/26 5-6/09/26
12-13/09/26 17-18/10/26 7-8/11/26

- Outras datas consultar



PASSADIÇOS DO MONDEGO



NOSO PLAN

En pleno Xeoparque da Estrela, hai unhas pasarelas de madeira que durante 12 km percorren lugares únicos, como o río Mondego, aldeas, fervezas, etc. Anímate a percorrerlas completas (traxecto moderado pero doado de andar) ou só 2 km. E completámosche o finde coa visita o sábado a Guarda, a cidade máis alta de Portugal e impresionante en cultura e patrimonio. Hai máis opcións, como pasar a tarde en Viseu ou achegarse a algunha das Aldeas Históricas que están preto. Propón ti, acertarás sempre.

INCLÚE


Hotel 3 en Guarda ou Viseu, en PC, comida extra de camiño nun restaurante, guía acompañante profesional, guía local para a Ruta, entradas aos Passadiços, seguro de asistencia en viaxe, bus opcional segundo a orixe.

CANDO

- Consulta datas dende 128€



CAÑÓN DO RÍO LOBOS



NOSO PLAN

Imaxinas un dos parques naturais máis fermosos de España, con grandes paraxes, impresionantes canóns, voitres leonados e, como colofón, despois dunha ruta doada de 11 km, a preciosa Ermida de San Bartolomeu. E, como en Soria estamos, o sábado toca visitar dúas vilas históricas con moitos tesouros e recursos: San Esteban de Gormaz, con marabillas como a súa ponte medieval e a Igrexa de Santa María do Rivero, e O Burgo de Osma, coa súa vila empedrada e as súas ruelas con soportais, mais que destaca pola súa impresionante Catedral.

INCLÚE

Hotel 3 no Burgo de Osma ou en Santo Domingo de Silos, en PC, comida extra de camiño nun restaurante, guía acompañante profesional, guía local para a Ruta, entrada á Catedral do Burgo de Osma, seguro de asistencia en viaxe. Bus opcional segundo a orixe.

CANDO

- Nosas datas por 113€:

23-24/05/26 27-28/06/26 5-6/09/26 19-20/09/26 17-18/10/26

- Outras datas consultar



GALICIA

XOIAS OCULTAS DO NORTE



DESCUBRE

RELÁXATE

ASÓMBRATE

FINDE SAUDABLE: O COUREL



NOSO PLAN

Fin de semana no máis profundo, fermoso e salvaxe de Galicia: un dos paraxes naturais máis espectaculares. Cun fondo así, imaxínate facer unha pequena camiñada duns 8 km para descubrir estes paraxes, ríos e a esencia da Galicia profunda. Completaremos o finde coñecendo e visitando vilas e lugares naturais únicos: Meira e o seu Mosteiro, Portomarin, lugar especial dos peregrinos, Navia de Suarna en plenos Ancares, A Fonsagrada, única e porta de entrada a Galicia, O Cebreiro e as súas pallozas, a Fervenza da Seimeira como a mellor fervenza de Galicia, e o Pedregal de Irimia, onde nace o Miño.

INCLÚE

Hotel 3 nos arredores do Cebreiro, en PC, comida extra no propio Cebreiro, guía acompañante profesional, guía de apoio para a ruta, entradas ao Mosteiro de Meira, seguro de asistencia en viaxe. Bus opcional segundo a orixe.

CANDO


- Nosas datas por 125€:

14-15/03/26 21-22/03/26 28-29/03/26 24-25/10/26

- Outras datas consultar



RIBEIRA SACRA DESCOÑECIDA



NOSO PLAN

Segundo a túa dispoñibilidade, sexa de 3 ou 4 días, propoñémosche coñecer a auténtica Ribeira Sacra; unha combinación de mosteiros, viñedos e segredos, entre os ríos Sil e Miño. Escolle navegar polos espectaculares Canóns do Sil ou do Miño, coñecer miradoiros que deixan sen alento, mosteiros únicos como o de San Pedro de Rocas, lugares especiais como a Rectoral de Gundivós e a súa cerámica negra, adegas da DO Ribeira Sacra para degustar viños coma os seus Godellos e os seus Mencías, e vilas únicas como Castro Caldelas ou Monforte de Lemos. Gozar dos segredos da Ribeira Sacra agora depende de ti.

INCLÚE


Hotel 3 ou 4 en Ourense ou arredores, en PC, comida extra de camiño, guía acompañante profesional, entradas ao Mosteiro de San Pedro de Rocas, ao catamarán para percorrer os Canóns do Sil ou do Miño, á Olaría de Gundivós, a unha adega, seguro de asistencia en viaxe. Bus opcional segundo a orixe.

CANDO

- Consulta datas dende 218€



MARIÑA GALEGA



NOSO PLAN

Descubre en 3-4 días, segundo dispoñas, toda a Mariña galega. Grandes monumentos naturais, vilas con toda a esencia galega e todo dun xeito rigoroso pero divertido. Coñecerás as máis famosas Catedrais de Galicia, vilas mariñeiras únicas como San Cibrao ou con moita historia e tradicións como Viveiro, Cantís de Papel, pasarelas polos cantís como as do Fuciño do Porco, faros en cantís esaxeradamente salvaxes e abruptos, ata o Banco máis Bonito do Mundo. De ti depende coñecer esta zona norte da Galicia descoñecida.

INCLÚE

Hotel 3 ou 4 no norte de Lugo, en PC, comida extra de camiño, guía acompañante profesional, entradas segundo elección, seguro de asistencia en viaxe. Bus opcional segundo a orixe.

CANDO

- Consulta datas dende 204€



ESENCIA DE GALICIA EN 10 DÍAS



NOSO PLAN

A nosa idea é que descubras toda Galicia, que goces desta terra e das súas marabillas naturais, das súas grandes vilas, dos seus produtos, da súa historia e da súa cultura. De todo isto ten Galicia, e máis. Que en 3 días visites a Ribeira Sacra, noutros 3 días toda a Mariña e a zona norte de Galicia, e en 4 días a zona da ría de Arousa e da ría de Muros, todo iso cunha visita completa a Santiago de Compostela. Programa moi flexible e configurable segundo as vosas necesidades e elección; non te preocupes en propoñerme, que o afinaremos ata dar coa mellor opción.

INCLÚE

Hoteis de 3 ou 4 en distintas zonas de Galicia segundo programa, en PC, comida/s extra/s de camiño, guía acompañante profesional, guías locais en lugares como Santiago, entradas segundo a elección, seguro de asistencia en viaxe. Bus opcional segundo a orixe.

CANDO

- Consulta datas dende 790€



SEGREDOS DE AROUSA-MUROS



NOSO PLAN

En 3-4 días propoñémosche coñecer unha zona de Galicia única e descoñecida: a ría de Muros e a ría de Arousa. Descubrirás vilas como Padrón, gran coñecida dos peregrinos; Rianxo, unha das vilas mariñeiras máis incríbles de Galicia, cunha gran cultura e historia; o Castro de Baroña, poboado castrexo en plena costa; Noia, medieval e entrada á ría de Muros; Carnota, coa praia máis longa e un hórreo dos máis grandes de Galicia; Muros, beleza medieval e mariñeira como antesala de Fisterra, gran final e fito xeográfico e histórico. Grandes vilas que teñen moitos tesouros que amosarche.

INCLÚE

Hotel de 3 arredor de Santiago de Compostela, en PC, comida/s extra/s de camiño, guía acompañante profesional, entradas segundo a elección, seguro de asistencia en viaxe. Bus opcional segundo a orixe.


CANDO

- Consulta datas dende 202€



PORTUGAL

OS SEGREDOS DO NOSO PAÍS VECIÑO




NAMÓRATE

DESCUBRE

DESCONECTA

FINDES ÚNICOS: ILLAS BERLENGAS



NOSO PLAN

Un finde é unha gran ocasión para unha escapada a esta zona de Portugal, tan salvaxe e fermosa que che encantarán esta proposta. O sábado achegámoste a Peniche, unha vila costeira moi animada, para embarcarte nun catamarán ás illas de moda pola súa beleza e natureza. Nas illas, ademais, collerás unha canoa para achegarte a unhas covas únicas, e todo isto supervisado e guiado por persoal cualificado. Completaremos o finde visitando Óbidos, a espectacular vila medieval de Portugal, e Nazaré, mundialmente coñecida e visitada, co xantar nun restaurante en primeira liña de praia. Que che parece?

INCLÚE

Hotel 3 no centro de Caldas da Rainha, en PC, comida extra de camiño en Nazaré, guía acompañante profesional, entradas ao catamarán ás Illas Berlengas, canoas nas illas e permisos do Parque Nacional, seguro de asistencia en viaxe. Bus opcional segundo a orixe.

CANDO

- Nosas datas por 151€:

11-12/04/26 8-9/08/26 29-30/08/26 17-18/10/26

- Outras datas consultar



COSTA DE LISBOA



NOSO PLAN

Costa grandiosa e espectacular. Ao redor de Lisboa hai infinidade de vilas e lugares cunha gran beleza que non che deixarán indiferente. Ao longo de 6 días levarémoste a Sintra e á súa Quinta da Regaleira, a Cascais e á súa Boca do Inferno, a Estoril e aos seus casinos, aos impresionantes xardíns do Bacalhôa Budha Eden, a Peniche e ás súas praias, ás Illas Berlengas e ás súas covas, a Batalha e ao seu Mosteiro, a Lisboa e ao seu Mosteiro dos Xerónimos e á súa Torre de Belém, a Mafra e ao seu Palacio Nacional, a Santarém, á medieval Óbidos, á moderna e mariñeira Nazaré ou a Alcobaça e ao seu Mosteiro. Un circuito completo e relaxado!

INCLÚE

Hotel 3 ou 4 en Lisboa ou arredores, en PC, comida/s extra de camiño nun restaurante, guía acompañante profesional, entradas incluídas aos lugares mencionados, seguro de asistencia en viaxe. Bus opcional segundo a orixe.


CANDO

- Consulta datas dende 505€



PORTUGAL

NORTE



NOSO PLAN

Elaborámosche un circuïto cos días e vilas que precisas ou elixas. Coñece vilas e lugares como O Porto e os seus recursos, Aveiro e os seus canais, Viseu, Lamego, Amarante, Guimarães, Braga como os máis coñecidos, ou outros máis pequenos que gardan a esencia de Portugal: Vila Real, Ponte da Lima, Caminha, Viana do Castelo ou Arcos de Valdevez. Cada vila é distinta e todas gardan os seus segredos e moitos recursos, que che levaremos a descubrir. Este circuïto pódese completar cun cruceiro polo Douro, variable en duración e con saída desde O Porto.

INCLÚE

Hotel 3 ou 4 no Porto ou arredores, en PC, comida/extra de camiño nun restaurante, guía acompañante profesional, entradas incluídas segundo programa, seguro de asistencia en viaxe. Bus opcional segundo a orixe.

CANDO

- Consulta data dende 124€



SEMPRE NOS QUEDA O ALGARVE



NOSO PLAN

Propoñémosche un circuío de 6 ou 7 días diferente: relaxado e interesante. Cun hotel de 4 en Albufeira, coñeceremos vilas pola mañá e, pola tarde, relax e descanso. Toda unha experiencia distinta que non che ha defraudar. Vilas como Sagres, Portimão, Lagos, Quarteira, Faro, Tavira, Loulé... que percorrás dun xeito pausado e tranquilo, regresando despois para gozar das praias e relaxarte no hotel. Se non che convence este plan, podemos incrementar visitas e actividades, e facelo máis intenso e instrutivo. Ti decides, é o Algarve.

INCLÚE

Hotel 4 en Albufeira, en PC bufete, comida/s extra de camiño nun restaurante, guía acompañante profesional, seguro de asistencia en viaxe. Bus opcional segundo a orixe.

CANDO

- Consulta datas dende 495€



FINDES ÚNICOS

MÁIS CA FINS DE SEMANA



ILUSIÓNATE

DÉIXATE

APAIXÓNATE

COÑECENDO SEGOVIA



NOSO PLAN

Segovia é inmensa en vilas, recursos e historia. Dinos que vilas queres visitar e nós preparámoscho. O difícil será elixir entre Coca e o seu impresionante castelo, a vila medieval de Pedraza, Sepúlveda e o seu contorno natural único das Hoces do Duratón, Cuéllar, que tamén conta cun fermoso castelo, Maderuelo e o seu casco declarado Ben de Interese Cultural, Ayllón e o seu espectacular casco histórico, o Real Sitio de San Ildefonso, que é Conxunto Histórico-Monumental, ou a propia Segovia, que é moito máis ca o seu Alcázar ou Acueduto.

INCLÚE

Hotel 3 ou 4, en PC, comida extra de camiño nun restaurante, guía acompañante profesional, entradas aos lugares elixidos, seguro de asistencia en viaxe. Bus opcional segundo a orixe.

CANDO

- Consulta datas dende 119€



DE ZAMORA A TORO



NOSO PLAN

Unha gran descoñecida é Zamora, tanto a cidade como a provincia. A súa cidade agocha tanto patrimonio como as máis "visitadas" de España, e na provincia hai pobos como Toro, Puebla de Sanabria, Villalcampo e máis, que tamén che gustará descubrir. Nós ofrecémosche coñecer a cidade de Zamora da man dun guía local, con entrada á Catedral, pernoitar na cidade e, pola mañá, visitar a magnífica Toro, onde, ademais dun percorrido para coñecer esta vila, levámoste a unhas adegas subterráneas para descubrir a súa historia e orixe, cunha degustación de viños.

INCLÚE


Hotel 3, en PC, comida extra de camiño nun restaurante, guía acompañante profesional, entradas á Catedral de Zamora e á adega subterránea en Toro, guía local en Zamora, seguro de asistencia en viaxe. Bus opcional segundo a orixe.

CANDO

- Consulta datas dende **126€**



O MELLOR DE SALAMANCA



NOSO PLAN

Propoñémosche unha visita tranquila pero completa para coñecer a esencia e o máis importante de Salamanca. Percorreremos vilas tan impresionantes como A Alberca, considerada unha das máis fermosas de España, Mogarraz, coñecida como a vila dos retratos e declarada Conxunto Histórico-Artístico, e Miranda do Castañar, un fermoso pobo medieval, e, por suposto, Salamanca. Cidade cunha longa historia, amplos recursos e intensa vida social, coñecerá-la da man dun guía local, con entrada incluída á Catedral Nova e Vella e á Torre da Clerecía. E todo nun impresionante hotel de 4 no centro.

INCLÚE


Hotel 4 no centro de Salamanca, en PC, comida extra de camiño nun restaurante, guía acompañante profesional, entradas á Catedral Nova e á Vella, así como á Torre da Clerecía, guía local en Salamanca, seguro de asistencia en viaxe. Bus opcional segundo a orixe.

CANDO

- Consulta datas dende 129€



TERRA DE ARTLANZA



NOSO PLAN

Fin de semana distinto e orixinal. Goza dun finde pola Comarca de Arlanza, coñecendo 3 vilas únicas de Burgos: Lerma, Covarrubias e Santo Domingo de Silos. Trátase de tres pobos cun amplo patrimonio histórico e monumental, tan próximos entre si como agora ao teu alcance con esta proposta. Con hotel en Santo Domingo de Silos, diante do seu marabilloso Mosteiro, visitarás este e a vila; pasearás por Covarrubias, tan castelá e medieval como poida ser, prometémosche que che sorprenderá; e Lerma, a vila ducal, cun inmenso patrimonio.

INCLÚE

Hotel 3 no centro de Santo Domingo de Silos, en PC, comida extra de camiño nun restaurante, guía acompañante profesional, entradas ao Mosteiro de Santo Domingo de Silos, seguro de asistencia en viaxe. Bus opcional segundo a orixe.

CANDO

- Consulta datas dende 121€



ESPECIALAIS SEMANA SANTA


VACACIÓNS OBRIGADAS

RECÁRGATE

ILUSIÓNATE

RELÁXATE

NAVARRA DE PELÍCULA



NOSO PLAN

Xogando coa longa lista de películas rodadas en Navarra, podemos dicir que Navarra é de cine. Sorprenderate a inmensidade do seu territorio, o marabilloso da súa natureza, o sorprendente das súas vilas e, por suposto, da súa xente. Coñece en catro días lugares como as Covas de Zugarramurdi, a Selva de Irati e o miradoiro de Azkoitia, como exemplos da súa natureza espectacular; Roncesvalles, o Castelo de Xabier e o Mosteiro de Leyre como exemplos de lugares únicos; e Estella, Olite e Pamplona, como mostra das súas vilas increíbles. Unha proposta completa para descubrir esta terra.

INCLÚE

Hotel 3 ou 4 en Pamplona, en PC, comida/s extra de camiño nun restaurante, guía acompañante profesional, entradas ás Covas de Zugarramurdi, á Colexiata de Roncesvalles, ao Mosteiro de Leyre, ao Castelo de Xabier, ao castelo de Olite, guía local en Pamplona, seguro de asistencia en viaxe. Bus opcional segundo a orixe.

CANDO


- Nosas datas por **367€**:

2-5/04/26

- Outras datas **consultar**



O MELLOR DE EXTREMADURA



NOSO PLAN

Extensa e prolífica en lugares e patrimonio, o noso plan ofrécete unha forma de coñecer o máis fermoso e imprescindible de Extremadura. Desde o noso hotel en Cáceres, coñecerás todos os segredos de Coria e Guadalupe, dúas vilas co típico carácter extremeño. E da man dun guía local entenderás en profundidade a historia e os monumentos de Plasencia, Cáceres, Trujillo e Mérida, catro cidades inmensas en historia, monumentos e segredos. Un percorrido pola Extremadura con máis carácter e cultura, dunha forma planificada e relaxada.

INCLÚE

Hotel 3 en Cáceres, en PC con bufete, comida/s extra de camiño nun restaurante, guía acompañante profesional, entradas á Catedral Nova e Vella de Plasencia, Teatro e Anfiteatro de Mérida, Concatedral de Cáceres, Mosteiro de Guadalupe, guía local en Mérida, Cáceres, Plasencia e Trujillo, seguro de asistencia en viaxe. Bus opcional segundo a orixe.

CANDO


- Nosas datas por 315€:

2-5/04/26

- Outras datas consultar



GRANDES POBOS DE BURGOS



NOSO PLAN

Se grande é Castela, inmensa é Burgos. Este plan levarate a percorrer sete lugares e vilas de Burgos (e non son todos) para gozar desta provincia e coñecer a historia e a cultura de cada un. Coñecerás Puente-dey e a súa curiosa ubicación, Orbaneja del Castillo e a súa estreita relación coa auga, o Monumento Natural de Ollo Guareña e o seu segredo agochado, a gran cidade de Frías, a solemne e imponente Oña, a pouco mencionada Briviesca, ou a medieval e fermosa Poza da Sal e a súa total e permanente relación con Félix Rodríguez de la Fuente. Crés que coñecías Burgos?

INCLÚE

Hotel 3 ou 4 en Burgos, en PC, comida/s extra de camiño nun restaurante, guía acompañante profesional, entradas á Cova de Ollo Guareña, Castelo de Frías, Mosteiro de San Salvador de Oña, salinas de Poza da Sal e visita guiada pola vila, seguro de asistencia en viaxe. Bus opcional segundo a orixe.

CANDO

- Nosas datas por 319€:

2-5/04/26

- Outras datas consultar



COÑECENDO CUENCA



NOSO PLAN

Cuenca é única e impresionante. Coñece o máis destacado de Cuenca e comprobaralo. A propia cidade abraia coas súas Casas Colgadas, a Catedral de Santa María e San Xulián, a Torre Mangana e moito máis. Nos seus arredores podes visitar maravillas naturais como o Nacemento do Río Cuervo, as Caras de Buendía e a impresionante Cidade Encantada. E que dicir da visita obrigada a vilas con encanto como Alarcón, Belmonte, Cañete, Huete e moitas máis. Segundo as características e preferencias do voso grupo, propoñémosche un plan de 4 días que non esquecerás nunca.

INCLÚE

Hotel 3 ou 4 en Cuenca ou arredores, en PC, comida/s extra de camiño nun restaurante, guía acompañante profesional, entradas aos lugares solicitados, guías locais, seguro de asistencia en viaxe. Bus opcional segundo a orixe.

CANDO

- Nosas datas por **289€**:

2-5/04/26

- Outras datas **consultar**



CIRCUITOS

GRANDES PROPOSTAS PARA GRANDES EXPERIENCIAS



DESCANSA

EXPERIMENTA

DESCUBRE

VIAXE Á COSTA BRAVA



NOSO PLAN

Unha proposta completa e orixinal pode ser pasar 6 ou 7 días pola Costa Brava. Nesta aventura coñecerás vilas como Cadaqués, Lloret de Mar, Peratallada, Tossa de Mar ou Ampuriabrava navegando polos seus canais. Tamén visitarás grandes cidades como Xirona, coa súa Catedral ou os seus Baños Árabes, Barcelona coa Sagrada Familia e guía oficial, o seu Barrio Gótico, etc. Completamos esta proposta coa visita á Abadía de Montserrat. E todo aloxado nun gran hotel preto da praia, con pensión completa. Unha viaxe distinta e completa que che fará sentir de xeito relaxado os grandes segredos da Costa Brava.

INCLÚE

Hotel 4 en Lloret de Mar, en PC con bufete, comida/s extra de camiño nun restaurante, guía acompañante profesional, entradas incluídas para a Catedral de Barcelona, Sagrada Familia, Abadía de Montserrat, barco para navegar polos canais de Ampuriabrava, Catedral de Xirona, Baños Árabes, guía local para a Sagrada Familia, guía local para o Barrio Gótico, seguro de asistencia en viaxe. Bus opcional segundo a orixe.

CANDO

- Nosas datas por 379€:

26-31/05/26 20-25/10/26

- Outras datas consultar



COMO QUIJOTE POR CIUDAD REAL



NOSO PLAN


Como o gran cabaleiro, percorreremos esta gran provincia, paseando por vilas con moita historia e personalidade. Levámoste a Argamasilla de Alba, típico pobo manchego atravesado por un canal; ao impresionante e único paraxe natural das Lagoas de Ruidera; a Villanueva de los Infantes, fermosa vila con moitos segredos que contarche; a Valdepeñas, co seu viño e as súas covas; ao Alcázar de San Juan, onde o fidalgo está moi presente; e á capital, Cidade Real, onde descubrirás o seu gran patrimonio, cultura e gastronomía.

INCLÚE

Hotel 4 en Cidade Real, en PC, comida/s extra de camiño nun restaurante, guía acompañante profesional, entradas incluídas para o Torreón de Juan José de Austria, Covas da Arte con comida no propio emprazamento, Catedral de Cidade Real, guía local en Cidade Real, seguro de asistencia en viaxe. Bus opcional segundo a orixe.

CANDO

- Consulta datas desde 526€



ESA SEVILLA ESPECIAL



NOSO PLAN

Segundo o dito, Sevilla ten unha cor especial, e especial é a súa cultura e tradicións. Sevilla é asombrosa, e proba diso é a súa capital e mais as vilas que existen pola súa provincia. En 6 días propoñémosche percorrer, tranquila pero intensamente, a cidade de Sevilla, cun guía local e entrando na Giralda e na súa Catedral, entre outros moitos tesouros, e contando con tempo libre para gozar dela ao teu aire. Tamén percorreras vilas como Osuna, Utrera, Écija, Carmona e, como non, Alcalá de Guadaira e o seu Castelo. Loxicamente podes escoller outras vilas desta fermosa provincia e axustar esta viaxe aos teus desexos.

INCLÚE

Hotel 3 ou 4 en Sevilla ou arredores, en PC, comida/s extra de camiño nun restaurante, guía acompañante profesional, entradas incluídas para a Catedral de Sevilla e a Giralda, para o Castelo de Alcalá de Guadaira, guía local en Sevilla, seguro de asistencia en viaxe. Bus opcional segundo a orixe.

CANDO

- Consulta datas dende 380€



A COSTA DO SOLE CAMINITO DEL REY



NOSO PLAN

Estás obrigado a coñecer a ruta máis visitada de España e percorrer as súas pasarelas e cantís impresionantes, coñecida como o Camiño do Rei. E non podería estar nun mellor lugar ca en Málaga, en plena Costa do Sol. Completámosche esta aventura de 6 días cunha visita dun día a Málaga: metade da xornada cun guía local para coñecer a Alcazaba e a Catedral, e a outra metade libre para ti. E se isto paréceche pouco, levarémoste á fermosa poboación branca de Nerja, a Frigiliana en plena comarca da Axarquía, á espectacular Ronda e a súa impresionante ponte, a Mijas cálida e branca, e como non, a Setenil das Adegas.

INCLÚE

Hotel 4 en Torremolinos, en PC, comida/s extra de camiño nun restaurante, guía acompañante profesional, entradas incluídas para o Camiño do Rei, a Alcazaba de Málaga, a Catedral de Málaga, guía local en Málaga, seguro de asistencia en viaxe. Bus opcional segundo a orixe.

CANDO

- Consulta datas dende 119€



CONTACTO

TELÉFONO e WHATSAPP

644 719 008

981 866 225

EMAIL

info@buseandoporgalicia.com

WEB

www.buseandoporgalicia.com

ENDEREZO

Plaza Virxe da Guadalupe, 5 - 1ºB
15920 Rianxo (A Coruña)





www.buseandoporgalicia.com